

# Boletín Oficial

## DE LA PROVINCIA DE LUGO

PRECIOS DE SUSCRIPCION	ANUNCIOS Y OTRAS INSERCCIONES
Al año.....36,06 €	Por cada palabra o números.....0,15 €
Al semestre.....24,04 €	- Las inserciones con carácter de urgencia, el importe será el doble de la inserción normal.
Más gastos de envío	- La tarifa se incrementará en un 50%, en los casos en que los textos a publicar no se entreguen o envíen en soporte informático compatible, según establece el art. 10 de la ordenanza reguladora del B.O.P.
Los municipios de la provincia recibirán gratuitamente una suscripción.	- Importe mínimo de publicación.....6 €
<b>VENTA DE EJEMPLARES SUELTOS</b>	<b>SE PUBLICA TODOS LOS DIAS, EXCEPTO LOS FESTIVOS</b>
Por ejemplar de hasta 8 páginas .....0,60 €	Depósito Legal LU-1-1968 / Franqueo concertado (27-2)
Por ejemplar de más de 8 y hasta 12 páginas .....0,90 €	Imprime: "El Progreso de Lugo, S.L."
Por ejemplar de más de 12 páginas..... 1,35 €	
<i>LAS SUSCRIPCIONES Y ANUNCIOS SE HARAN PREVIO PAGO DE SU IMPORTE</i>	

### XUNTA DE GALICIA

Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

Delegación Provincial de Lugo

RELACIONES LABORAIS

CONVENIOS COLECTIVOS

Exp. 005-2005 (Código 2700951)

Visto o texto do convenio colectivo para a empresa "CELTA PRIX S.L." Limpeza viaria e recollida de RSU do Concello de Burela, da provincia de Lugo, asinado o día 31 de marzo de 2005, pola representación da mentada empresa e a dos seus traballadores, e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/95, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

ESTA DELEGACIÓN PROVINCIAL, ACORDA:

PRIMEIRO: Ordena-la inscrición do citado convenio colectivo no rexistro de convenios desta Delegación, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Remiti-lo texto do mentado convenio colectivo á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

TERCEIRO: Dispoñe-la súa publicación no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 12 de abril de 2005.- A DELEGADA PROVINCIAL, Ana Chao Vázquez.

PRIMEIRO CONVENIO COLECTIVO PARA A EMPRESA "CELTA PRIX, S.L." LIMPEZA VIARIA E RECOLLIDA DE RSU DO CONCELLO DE BURELA.

Artigo 1º.- Ámbito funcional.

Este convenio colectivo é de ámbito de empresa e regula as relacións laborais na empresa concesionaria dos servizos públicos de limpeza viaria e recollida de lixo do concello de Burela: Celta Prix, S.L.

Artigo 2º.- Ámbito territorial.

Este convenio colectivo subscríbese para o ámbito territorial do termo municipal de Burela, no cal Celta Prix, S.L. realiza por concesión administrativa do Concello de Burela, a limpeza viaria e recollida de lixo no indicado termo municipal.

Artigo 3º.- Ámbito persoal.

Quedan sometidos ás estipulacións deste convenio os traballadores da empresa concesionaria dos servizos de limpeza viaria e recollida de lixo do Concello de Burela.

Artigo 4º.- Ámbito temporal, denuncia e prórroga.

A vixencia do presente Convenio estenderase dende o 1 de xaneiro de 2005 ó 31 de decembro de 2008, con independencia da data de publicación do mesmo no BOP ou DOG, retrotraéndose os seus efectos ó 1 de xaneiro de 2005.

Entenderase denunciado automaticamente con dous meses de antelación ó seu vencemento, prorrogándose o actual convenio ata a entrada en vigor do seguinte. A representación dos traballadores comprométese a presentar á empresa un anteproxecto de novo convenio antes do 31 de decembro de 2008 e as negociacións iniciaranse antes do 15 de xaneiro do 2009.

Artigo 5º.- Entrada en vigor.

Este convenio entrará en vigor a partir da súa publicación no BOP de Lugo ou DOG, aínda que os efectos

económicos terán vixencia dende o 1 de xaneiro do 2005.

#### Artigo 6º.- Salarios.

Despois de revisadas as táboas salariais do 2004 co IPC real resultante a 31-12-2004, as táboas para os catro anos de vixencia do convenio incrementaranse segundo o seguinte:

- Para o ano 2005 incrementaranse as táboas do 2004 co IPC real.

- Para o ano 2006 incrementaranse as táboas do 2005 co IPC real máis o 0,5%.

- Para o ano 2007 incrementaranse as táboas do 2006 co IPC real máis o 0,5%.

- Para o ano 2008 incrementaranse as táboas do 2007 co IPC real.

- Despois de aplicar ó comezo de cada ano o incremento inicial do IPC previsto (máis o 0,5% no 2006 e 2007), ós salarios serán revisados ó IPC real resultante a 31 de decembro de cada ano, e abonaranse ós traballadores as diferencias, aplicándose o incremento do ano seguinte sobre as táboas resultantes da revisión do ano anterior.

As táboas salariais para o ano 2005 anexanse ó presente documento.

#### Artigo 7º.- Complemento de transporte.

Durante a vixencia do convenio serán os sinalados nas táboas que se anexan.

#### Artigo 8º.- Complemento penoso, tóxico e perigoso.

Durante a vixencia do convenio son os sinalados na táboa anexa.

#### Artigo 9º.- Pagas extraordinarias.

Establécense dúas pagas extraordinarias nos meses de xullo e decembro respectivamente, nunha contía de salario base máis antigüidade; as devanditas pagas aboaranse entre os días 12 e 17 dos meses de xullo e decembro respectivamente.

#### Artigo 10º.- Vacacións.

Durante o primeiro trimestre de cada ano elaborárase un calendario que recollerá os períodos de disfrute de cada traballador. En tódolos casos, o traballador terá que coñecer con 2 meses de antelación os seus períodos de disfrute. Tódolos traballadores desfrutarán dun período de vacacións de 30 días naturais consecutivos, no caso de que as vacacións sexan partidas, os traballadores desfrutarán de 22 días laborables partidos en dous períodos. O período vacacional será durante todo o ano, excepto os meses de xullo e agosto.

#### Artigo 11º.-Incapacidade temporal.

As contías de aboamento do diferencial entre a prestación e a percepción do traballador, que suplementará a empresa, será a seguinte: para o ano 2005, ata o 100% do salario que lle corresponda ó traballador en caso de accidente de traballo ou enfermidade profesional; para o mesmo ano 2005 a empresa non suplemen-

tará cantidades polo concepto de enfermidade común. Para o ano 2006, o suplemento a cargo da empresa por accidente de traballo e enfermidade profesional será ata o 100%; e para o caso de enfermidade común ata o 80%. Para o ano 2007, o suplemento a cargo da empresa por accidente de traballo e enfermidade profesional será ata o 100%; e para o caso de enfermidade común ata o 90%. A partir do ano 2008, os suplementos a cargo da empresa, tanto por accidente de traballo, como enfermidade profesional, ou enfermidade común, serán ata o 100%.

#### Artigo 12º.- Vestiario.

A roupa de traballo será de uso obrigatorio para todo o persoal e a empresa facilitará cada ano as seguintes pezas:

##### Condutores:

- 2 pantalóns
- 3 camisetas
- 1 anorak ou chaleco anorak
- 2 cazadoras
- 2 pares de botas de seguridade
- 1 xersei
- Luvas anticortes
- 1 traxe de augas
- 1 chaleco alta visibilidade

##### Peóns:

- 3 pantalóns
- 4 camisetas
- 1 anorak ou chaleco anorak
- 2 cazadoras
- 2 pares de botas de seguridade
- 2 xerseis
- Luvas anticortes
- 1 traxe de augas
- 1 chaleco alta visibilidade
- 1 gorra de verán e outra de inverno

A roupa de traballo entregárase unha vez ó ano durante o mes de xuño.

#### Artigo 13º.-Comisión mixta paritaria.

A comisión mixta paritaria que debe interpretar este convenio estará composta polo delegado de persoal e polo representante da empresa; ás reunións da comisión poderán asistir asesores por cada unha das partes.

A esta comisión correspóndelle a vixilancia e interpretación do convenio.

#### Artigo 14º.-Garantía do posto de traballo.

Co obxecto de contribuír e garanti-lo principio de estabilidade no emprego, a absorción do persoal entre os que se sucedan, mediante calquera das modalidades de contratación de xestión de servizos públicos, contratos de arrendamento de servizos ou doutro tipo, nunha concreta actividade das reguladas no ámbito funcional do presente convenio, levarase a cabo nos termos indicados no presente artigo:

No sucesivo, o termo contrata engloba con carácter xenérico calquera modalidade de contratación, tanto pública como privada, e identifica unha concreta actividade que pasa a ser desempeñada por unha determinada empresa, sociedade ou organismo público.

A) En tódolos supostos de finalización, perda, rescisión, cesión ou rescate dunha contrata, así como respecto de calquera outra figura ou modalidade que supoña a substitución entre entidades, persoas físicas ou xurídicas que leven a cabo a actividade de que se trate, os traballadores da empresa saínte pasarán a adscribirse á nova empresa ou entidade pública que vaia realizarlo servizo, respectando esta os dereitos e obrigas que desfruten na empresa substituída. Producirase a mencionada subrogación de persoal sempre que se dea algún dos seguintes supostos:

1. Traballadores en activo que realicen o seu traballo na contrata cunha antigüidade mínima dos catro últimos meses anteriores á finalización efectiva do servizo, sexa cal fose a modalidade do seu contrato de traballo, con independencia de que, con anterioridade ó citado período de catro meses, traballasen noutra contrata.

2. Traballadores, con dereito a reserva de posto de traballo, que no momento da finalización efectiva da contrata teñan unha antigüidade mínima de catro meses nela e se encontren enfermos, accidentados, en excedencia, vacacións, permiso, descanso maternal, ou situacións análogas.

3. Traballadores con contrato de interinidade que substitúan a algún dos traballadores mencionados no punto segundo, con independencia da súa antigüidade e mentres dure o seu contrato.

4. Traballadores de novo ingreso que por esixencia do cliente se incorporasen á contrata de servizos públicos como consecuencia dunha ampliación, nos 4 meses anteriores á finalización daquela.

5. Traballadores que substitúan a outros que se xubilén, tendo cumpridos 64 anos dentro dos 4 últimos meses anteriores á finalización efectiva da contrata e teñan unha antigüidade mínima nela dos catro meses anteriores á xubilación, sempre que esta estea pactada en convenio colectivo estatutario de ámbito inferior, en virtude do Real decreto 1194/1985, do 17 de xullo.

B) Tódolos supostos anteriormente recollidos deberán ser acreditados, de maneira que se dea fe e documentalmentemente, pola empresa ou entidade pública saínte á entrante, e no prazo do 10 días hábiles contados desde o momento en que, ben a empresa entrante, ou a saínte, lle comunique de maneira que dea fe á outra empresa o cambio na adxudicación do servizo.

C) Os traballadores que non desfrutasen das súas vacacións regulamentarias ó producirse a subrogación, desfrutarán coa nova adxudicataria do servizo, que só aboará a parte proporcional do período que a ela corresponda, xa que o aboamento do outro período lle corresponde ó anterior adxudicatario, que o deberá efectuar na correspondente liquidación.

D) A aplicación deste artigo será de obrigado cumprimento para as partes ás que vincula: empresa ou entidade pública ou privada cesante, nova adxudicataria, cliente e traballador.

Se o cliente rescindise a contrata a unha empresa para deixar de presta-lo servizo, ou realizalo por si

mesmo, operará a subrogación para o propio cliente nos termos sinalados neste artigo.

No suposto de que unha ou varias contratas das que a actividade vén sendo desempeñada por unha ou distintas empresas ou entidades públicas se fragmenten ou dividan en distintas partes, zonas ou servizos co obxecto do seu posterior adxudicación, pasará a estar adscritos ó novo titular aqueles traballadores que realizen o seu traballo na empresa cun período mínimo dos catro últimos meses, sexa cal for a súa modalidade de contrato de traballo, e todo iso mesmo cando con anterioridade traballasen noutras zonas, contratas ou servizos distintos.

Subrogaranse, así mesmo, os traballadores que se encontren nos supostos 2 a 5, ambos inclusive, e que realizen o seu traballo nas zonas, divisións ou servizos resultantes.

No caso de que distintas contratas, servizo, zonas ou divisións daquelas se agrupen nunha ou en varias, a subrogación de persoal operará respecto de todos aqueles traballadores que, con independencia da modalidade do seu contrato de traballo, realizen o seu traballo en que resulten agrupadas cun tempo mínimo dos 4 meses anteriores e todo iso mesmo cando con anterioridade prestasen servizos en distintas contratas, zonas, divisións ou servizos agrupados.

Subrogaranse, así mesmo, os traballadores que se encontren nos supostos 2 a 5, ambos inclusive e que prestasen os seus servizos nas contratas, zonas, divisións ou servizos agrupados.

A subrogación de persoal, así como os documentos que hai que facilitar, operarán en tódolos supostos de substitución de contratas, partes, zonas ou servizos que resulten da fragmentación ou división delas, así como nas agrupacións que daquela se poidan efectuar, mesmo tratándose das normais substitucións que se produzan entre empresas ou entidades públicas ou privadas que leven a cabo a actividade dos correspondentes servizos, e iso mesmo cando a relación xurídica se estableza só entre quen adxudica o servizo por un lado e o empresa que resulte adxudicataria por outro, sendo de aplicación obrigatoria, en todo caso, a subrogación de persoal, nos termos indicados e iso con independencia tanto da aplicación, se é o caso, do previsto no artigo 44 do Estatuto dos traballadores, como de existencia por parte do empresario saínte doutras contratas alleas á que é obxecto de sucesión.

A empresa saínte deberalle entregar á entrante os seguintes documentos:

- Certificado do organismo competente de estar ó corrente no pagamento da Seguridade Social.

- Fotocopia das 4 últimas nóminas mensuais dos traballadores afectados.

- Fotocopia do TC-1 e TC-2 de cotización da Seguridade Social dos últimos 4 meses.

- Relación de persoal especificando: nome, apelidos, domicilio, número de afiliación á Seguridade Social,

antigüidade, categoría profesional, xornada, horario, modalidade de contratación e data de desfrute de vacacións. Se o traballador é representante legal dos traballadores, especificarase o período do seu mandato.

- Fotocopia dos contratos de traballo do persoal afectado pola subrogación.

- Copia de documentos debidamente dilixenciados por cada traballador afectado, no que se faga constar que este recibiu da empresa saínte a súa liquidación de partes proporcionais, non quedando pendente cantidade ningunha. Este documento deberá estar en poder da nova adxudicataria na data de inicio do servizo da nova titular.

#### Artigo 15º.- Xornada laboral.

A xornada laboral será de luns a sábado, cun máximo anual de 1750 horas.

Elaborarase un calendario laboral, dentro da primeira quincena do mes anterior, cun cuadrante mensual, onde se especifiquen os días de traballo e días libres.

Para o servizo de recollida de RSU, cando coincidan dous festivos seguidos recollerase nun deles a determinar pola empresa.

Para o servizo de limpeza viaria, o horario establecido é de 08:00 a 14:00 horas de luns a venres, e de 08:00 a 13:00 horas os sábados.

Para o servizo de recollida de RSU, o horario de traballo será de 05:00 a 11:30 horas.

#### Artigo 16º.- Póliza de seguros.

Para tódolos traballadores contratarase por parte da empresa unha póliza de seguro individual ou colectiva que cobre en caso de morte ou invalidez unha contía de 18.000 euros. A partir do ano 2006 este importe verase incrementado en 1.500,00 euros por ano, pasando a ser de 22.500,00 euros no ano 2008.

#### Artigo 17º.- Horas extraordinarias.

Mentres persista a actual situación de desemprego non se realizarán horas extraordinarias, salvo en casos de forza maior. Neste suposto establécese unha contía de 7 euros por hora extra realizada con revisión anual segundo táboas.

#### Artigo 18º.- Festivos.

Os festivos e domingos traballados aboaranse cun sobresoldo do 40 euros por xornadas de 6 horas traballadas. Para o caso de xornadas de 4 ou menos horas traballadas, o sobresoldo será de 24 euros.

#### Artigo 19º.- Festividade patronal.

A festividade de San Martín de Porres o día 3 de novembro, considérase non laborable para tódolos efectos. En caso de coincidir en festivo ou en día de difícil aplicación, trasladarase ó mércores anterior ou posterior.

#### Artigo 20º.- Licenzas retribuídas.

Tódolos traballadores terán dereito ó desfrute de licenzas na forma e condicións seguintes:

- 15 días por matrimonio.

- 2 días en caso de nacemento de fillo.

- 2 días por enfermidade grave ou morte de familiares ata segundo grao, por consanguinidade ou afinidade. Este permiso poderá ampliarse con días de asuntos propios, ou con licenzas sen retribuír, ate un máximo de 5 días.

- 4 días cando o motivo anterior necesite realizar desprazamento.

- 1 día por traslado de domicilio habitual.

- Por asuntos propios: 3 días para cada ano de duración do convenio

- Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público.

- Os días de noiteboa e noitevella, os servizos prestaranse ata as 12:00 horas.

- Durante a xornada de traballo, cada traballador disporá de 20 minutos de descanso.

#### Artigo 21º.- Revisión médica.

A tódolos traballadores efectuaráselles unha revisión médica, cós protocolos específicos para cada posto de traballo, que se realizará en Burela. Os resultados da revisión son confidenciais, e seranlle entregados ó traballador.

#### Artigo 22º.- Antigüidade.

O complemento de antigüidade percibirase por trienios na contía de 15 euros/mes.

#### Artigo 23º.- Anticipos reintegrables.

A empresa creará unha bolsa de 3.000 euros cun límite de 300 euros por traballador/ano, co fin de lles facilitar ós traballadores anticipos sobre o seu salario. O reintegro do anticipo concedido realizarase como acordado as partes, e en calquera caso como máximo nas 12 pagas seguintes.

#### Artigo 24º.- Complementos:

1. Plus de transporte, valorase segundo a táboa anexa.

2. Plus penoso, valorase segundo a táboa anexa.

#### Artigo 25º.-Pagamento de salarios.

Os salarios aboaranse entre os días 1 e 5, de cada mes vencido.

Cláusula adicional primeira.- Establecese unha única paga de compensación por actualización do IPC aplicado no ano 2004. Esta paga farase efectiva dentro dos dous meses seguintes á publicación deste convenio no BOP.

Cláusula adicional segunda.- Lexislación complementaria.

En todo o non previsto no presente Convenio, estarase ó disposto no Convenio Xeral do Sector, Estatuto dos traballadores, e/ou demais lexislación que resultase de aplicación.

## ANEXO

## TÁBOA CELTA PRIX - BURELA ANO 2005

Categorías	Salario base	Complemento transporte	Complemento penoso	Total ano
	14 pagas	12 pagas	12 pagas	
ENCARGADO	733,68 euros	90,61 euros	109,92 euros	12.677,88 euros
CONDUCTOR	674,05 euros	90,61 euros	93,37 euros	11.644,46 euros
PEÓN	620,35 euros	90,61 euros	57,32 euros	10.460,06 euros

R. 01768

**Consellería de Innovación, Industria e Comercio**

Delegación Provincial de Lugo

*Anuncio*

PAGOS DE XUSTIPRECIOS POLA IMPOSICION DA SERVIDUME DE PASO DE ENERXIA ELECTRICA, SOBRE BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXECUCION DO PROXECTO DENOMINADO: LAT. A 400 KV. ENTRADA E SAIDA NA SUBESTACION DE BOI-MENTE DA LAT. PUENTES DE GARCIA RGUEZ.-ALUMINIO ESPAÑOL S.A. (EXP. 003/2001 AT).

Faise saber a tódolos interesados no expediente, no que se sigue o procedemento expropiatorio da instalación eléctrica de referencia, que o día 26 DE ABRIL DE 2005 procederáse o pago do predio número 172 AS 13.00 HORAS na Casa do Concello de VIVEIRO segundo as resolucións dictadas polo Xurado Provincial de Expropiación, debendo advertir a tódolos propietarios das fincas afectadas, os que serán notificados individualmente, que os pagos realizaranse nas condicións que establecen os artigos 48 da Lei de expropiación forzosa, de 16 de decembro de 1954, e 48, 49 y 50 do seu regulamento, de 26 de abril de 1957.

LUGO, 21 de marzo de 2005.- O DELEGADO PROVINCIAL, Jesús Bendaña Suárez.

R. 01817

*Información pública*

Aprobados los pliegos de condiciones administrativas particulares que registrarán en la contratación de las obras que se relacionan, y a los efectos previstos en el art. 122.1 del R.D.L. 781/1986, se exponen al público durante ocho días hábiles a efectos de examen y reclamaciones:

## TITULO

Propuesta n.º 43 Baleira, Baralla y Castroverde.- CC.PP. 04-03 de la LU-530 por Rego de Pereira a Quinta, 05-03 de Baralla por Aranza y Pol, a la LU-636, 05-07 de Baislle por Sanxusto a La Mocha, 29-17 de Bascuas por Gondar a Meda

Propuesta n.º 44 Samos.- Colocación de barrera de seguridad en la C.P. 56-01 de Samos a Courel y rampa a Santa Mariña

Palacio Provincial, a 15 de abril de 2005.- El Presidente, Francisco Cacharro Pardo.- El Secretario, Faustino Martínez Fernández.

R. 01796

*Anuncio*

Habiéndose producido error material en la fecha de publicación de la aprobación definitiva de la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora del Boletín Oficial de la Provincia; de conformidad con lo dispuesto en los arts. 49 y 70.2) de la Ley 7/1985 de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, se corrige dicho error haciéndose público el texto íntegro de dicha modificación, en el siguiente sentido:

NUEVA REDACCIÓN DE DETERMINADOS ARTICULOS DE LA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DEL BOLETIN OFICIAL DE LA PROVINCIA

Artículo 8.- Devengo y liquidación.

La tasa se devenga en el momento de formalizar la suscripción, en la puesta a disposición del adquiriente del ejemplar o ejemplares correspondientes del Boletín Oficial de la Provincia, y en el de la publicación de anuncios e inserciones. No obstante, es exigible el previo pago a través del régimen de autoliquidación. En este sentido, el importe de los gastos de suscripción se autoliquidará tomando como referencia la de seis envíos a la semana, y el importe que establezca el servicio de Correos a la fecha del periodo inicial. Al finalizar cada periodo de suscripción se practicará una liquidación, que recogerá el saldo deudor o acreedor, según proceda.

Artículo 11.- Gestión.

Todos los textos, incluso los remitidos bajo soporte informático o correo electrónico, deberán estar acompañados, para proceder a la publicación, de su original firmado y sellado por la persona autorizada que tenga reconocida dicha firma, y deberán estar redactados en gallego y castellano.

Alternativamente, cuando los interesados lo soliciten, la Diputación realizará la traducción de los textos, lo que dará lugar a la aplicación del precio público correspondiente, cuya cuantía será establecida por la Junta de Gobierno, en la que queda delegada esta facultad al